



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 24 DE NOVEMBRO DO 2016.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)
D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)
D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 19:00 horas do día vinte e catro de novembro de 2016 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 27 DE OUTUBRO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 27 de outubro de 2016 (ordinaria) , ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 03 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de outubro; unha, sobre aboamentos..

Do 18 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de outubro; dúas, sobre aboamentos.

Do 28 de outubro; catro; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; dúas, sobre aboamentos.

Do 29 de outubro; unha, sobre concesión vacacións.

Do 31 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de novembro; catro; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 03 de novembro; cinco; unha, sobre concesión vacacións; catro, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 04 de novembro; catro; unha, reposición legalidade urbanística; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; dúas, sobre aboamentos.

Do 06 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de novembro; tres; unha, sobre solicitudes fraccionamento pago; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre concesión servizo xantar na casa.

Do 08 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de novembro; catro; unha, sobre delegación de competencias; unha, sobre permiso por enfermidade de familiar; dúas, sobre aboamentos.

Do 10 de novembro; cinco; unha, sobre execución obras necesarias; unha, sobre arquivo de expediente; tres, sobre aboamentos.

Do 11 de novembro; tres, sobre aboamentos.

Do 14 de novembro; dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de novembro; catro, unha, sobre sanción tributaria; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre contratación persoal; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de novembro; tres, unha, sobre sanción tributaria; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de novembro; dúas, unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de novembro; dúas, unha, sobre contratación de persoal; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de novembro; unha, sobre eficacia comunicación previa de obras.

Do 22 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de novembro; unha, sobre aboamentos.

3.- APROBACION, SE PROCEDE DO ORZAMENTO 2017, PLANTILLA DE PERSOAL E BASES DE EXECUCION.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 17 de novembro de 2016, co seguinte tenor literal:" O Presidente comeza sinalando



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

os gastos e ingresos por Capítulos do Orzamento para o 2017, ascendendo a cantidade de 4.326.939,07 euros o que supón un aumento do 1,67% respecto o do ano 2016; de seguido explica os diversos capítulos de ingresos e gastos así como as principais novidades do orzamento que consta na memoria explicativa do mesmo. Finaliza dicindo que tivo varias reunións cos grupos municipais e de feito facilitoulle un borrador, indicando que volverá a reunirse para tratar de consensualas e así incluír as aportacións do grupos no documento final.

Intervén o Sr. Fernández Gil, para preguntar polo capítulo de investimentos, en concreto a relación das actuacións que se propoñen.

Resposta o Sr. Presidente para dicir que constaran no anexo de investimentos, en concreto refíerese a reposición do cableado do parque empresarial, Plan Provincial, aportación municipal o plan provincial e o plan de cooperación, elaboración de proxectos, plan xeral, mellora do parque infantil, mellora de infraestructuras do pavillon, unha partida para o campo de herba artificial, partida para adquisición de camion multiservicios e reparación de camiños rurais.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que o seu grupo reuniuse co concelleiro de facenda e lle deixou varias propostas estando a espera de se se plasman ou non.

De seguido somete a ditamen a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- A aprobación do Orzamento Xeral para ano 2017, cun importe de 4.326.939,07 euros en ingresos e de 4.326.939,07 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e a Plantilla de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.

Segundo.- A exposición ao público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coidarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986 do 18 de Abril e 169.3 do repetido R.D.L. 2/2004; noutro caso, procederase de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.-

De seguido sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Comun. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Indica o Sr. Secretario que se fixeron diversas modificacións nos Orzamentos derivadas de diversas aportación dos grupos municipais, polo que o importe de ingresos e gastos variou sendo a cantidade de 4.363.368,27 euros.

Intervén o Sr. Vázquez López, voceiro do grupo municipal Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, para antes de iniciar o debate do punto, facer unha mención o ex-concelleiro falecido días pasados, Don Serafin Escudero Centrón, un hombre bo no sentido amplo da palabra e que merecia moito a pena; en canto a proposta de orzamentos manifesta o apoio aos mesmos xa que se recolleron as demandas do seu grupo, en concreto as axudas para estudantes que se atopan residindo fora do Concello, o tema da urbanización da Cabrita e Maquians, amén de tratar de buscar un consenso no tema das obras a incluír nos planes de cooperación da Deputación provincial.

Intervén o Sr. Alcalde, para sinalar que o manifestado polo Sr. Vázquez López en canto o recordo o ex-concelleiro Don Serafin Escudero Centron, faise extensivo a todos os membros de Corporación o seu recoñemento como concelleiro e como veciño, solicitando que conste en acta o agradecemento e respecto de todos os eiqui presentes.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal Agrupación de Electores Ribeiro en Común, para sinalar que o seu grupo fixo unha labor de recopilación das demandas dos veciños e de feito tivo reunións con varios sectores do Concello e en cada un dos núcleos de poboación, falando igualmente con todos os grupos municipais, dí que unha vez feito isto presentou no Concello unha serie de propostas para que se incluíran nos orzamentos, propostas algunhas novas e outras que estaban nos orzamentos do 2016 e que non chegaron a executarse; continúa a dicir que tivo varias reunións co concelleiro de facenda a quen quere agradecer a súa receptividade, xa que a maioría das propostas presentadas foron atendidas, polo que os seu grupo vaisele facer difícil votar en contra; en canto as cuestión que se recollen no documento e que quere resaltar destaca o tema dunha partida para incrementar as gardas da policía local para garantir mellor a seguridade dos veciños, liña de axudas a nacementos e adopción de residentes no Concello, plan de mellora do casco histórico, inventario de bens inmobles en especial o de camiños e espazos públicos, creación das escolas municipais de deportes, partida para arranxo de colectores, partida para a posta en marcha dun parque de autocarabanas, baños nos xardinillo e adacementamento do entorno, mellora de Muñoz Calero e tamén a subida do Piñeiral e despois as incluídas nos orzamentos 2016 e que aínda non foron executadas; dito isto, esta mañá enterouse polo concelleiro de facenda que se incrementaba a partida adicada a retribucións de cargos da Corporación, xa que se contemplaba a adicación do Sr. Alcalde, algo co que non están de acordo cuestión que xa manifestaron no pleno do 23 de xuño de 2015 cando se aprobaron as retribucións, indicando que se son partidarios de que os cargos electos deban estar remunerados, se ben propoñen a redución dun 50%, tal como está aplicando o seu grupo dende o principio de lexislatura. Finaliza a súa intervención indicando que esta última cuestión é a que imposibilita que o seu grupo vai a votar a prol dos orzamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Garcia Soto, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para indicar que os orzamentos son unha ferramenta para mellorar a vida dos veciños, dí que o seu grupo achegou unha proposta e mantivo reunións co Sr. Concelleiro de facenda, se ben lamenta a falta de tempo para poder estudar o documento xa que hoxe pola maña deuselle traslado do definitivo; resalta o bo talante do concelleiro de facenda e de feito algunha das súas propostas foron incluídas no documento como un plan de xestión de residuos co obxecto de reducir o 25% das toneladas de lixo; di que propuxo a necesidade de facer políticas para o asentamento no rural e así evitar a perda de poboación, a necesidade dun plan a tres anos para definir as obras a executar no Concello, regular as concesións de subvencións tanto a entidades deportivas como culturais, fomentar o deporte base e dotar de financiamento o Consello Municipal de deportes así como establecer un plan turístico; indica que os orzamentos melloráronse considerablemente polas aportacións da oposición, indicando que non discernir se o orzamento vaise a executar na súa totalidade, se ben considera que o grupo de goberno está nunha bo liña, anque non son os orzamentos que faría o seu grupo.

Intervén o Sr. Fernández Gil, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar que se trata dun orzamento continuista do de anos anteriores, indicando que máis do 75% do mesmo adicase a persoal sendo solamente o 6,87% adicado a inversión, indicando que estase desaproveitando unha ocasión para ser moito máis ambicioso a hora de programar as actuacións a acometer; dí que no debate dos orzamentos 2016 acusouse o seu grupo de non facer propostas, cando o que propoñían eran que se acometeran as actuacións que habían sido aprobadas ao longo do ano no Pleno, polo que este ano cambiaron e presentaron fai 15 días unha proposta de actuacións a incluír nos orzamentos (abastecemento e saneamento Chabolas-Sanin, San Cristovo, partida para mellorar o medio rural, acondicionamento da praza das banquetas, partida para servizo de madrugadores...), e non se recolle ningunha, cuestión esta pola que o seu voto no pode ser favorable a aprobación dos orzamentos; da conta das diversas advertencias que fai o Sr. Interventor no seu informe, en concreto no tema das gratificacións en actividades culturais e deportivas e sobre o control do gasto; en canto o Plan de obras dí que o seu grupo presentou unha serie de actuacións sen orde de preferencias e espera que se teñan en conta. Finaliza dicindo que non vé valentía do grupo de goberno para acometer os grandes proxectos, cuestión está e polas manifestadas o seu grupo vai a votar en contra do proxecto de orzamentos para o ano 2017.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para facer constar o agradecemento a todos os grupos pola súa participación na elaboración destes orzamentos, que sin dúbida contribuíron a melloralos; dí que se recollen aportacións de todos os grupos en maior ou menor medida e en relación as que fai referencia o Sr. Fernández Gil, dí que son competencia doutras administracións, non obstante contemplase unha pequena partida; dí que o capítulo inversor incrementase nun 29% respecto o de anos anteriores e como en anos anteriores incrementárase o longo do ano motivado pola concesión de diversas subvencións, indicando que este capítulo ten unha caída importante pola caída do convenio do ARI de Ribadavia e San Cristovo; en canto o gasto dí que se está a conter e deberemos seguir a liña que marca o



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Sr. Interventor no seu informe, facendo referencia os diversos parámetros económicos que entende que ano tras ano van mellorando.

O Sr. Vázquez López, incide no que xa dixo na súa primeira intervención e destaca a boa sintonía que hai co concelleiro de facenda e co resto dos grupos da oposición; dí que a capacidade inversora do Concello é a que é e que non se poden acometer grandes proxectos sin a colaboración doutras administracións; dí que non poden dicir que esten plenamente satisfeitos se ben entende que se recolleron a maioría das demandas realizadas; en canto as adicacións di que lle parece normal que o Alcalde e concelleiros reciban unha retribución polo seu traballo e que isto no será un lastre para o bo funcionamento do Concello.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que non son os orzamentos que presentaria o seu grupo e nota en falta un prantexamento máis ambicioso do grupo de goberno; dí que son uns orzamentos apresurados, destaca o pouco tempo que tiveron para estudialos, indicando que non pasaria nada se se retrasasen un tempo como por exemplo para contemplar a relación de postos de traballo que está a punto de rematar; dí que o seu grupo non vai a votar en contra porque moitas das súa propostas foron recollidas se ben quere facer unha advertencia no senso que van a estar vixiantes para que se cumpran as mesmas. Finaliza reiterando que no está de acordo coa retribución que se contempla indicando que como fai o seu grupo deberíase reducir nun 50%.

O Sr. Garcia Soto, sinala que non sendo os mellores orzamentos nin sendo os do seu grupo, nos mesmos recollese unha declaración de intencións e non ten a certeza que se vaian a executar na súa integridade; dí que faltan nos orzamentos o análise da realidade, así prantexanse medidas como por exemplo as axudas a mozos/as no tema do transporte cando o problema e que se está liquidando o transporte público. Finaliza dicindo que van a exercer un acto de inxenuidade e vanse a abster, abstención que se pode considerar como un voto de confianza o grupo de goberno.

O Sr. Fernández Gil, reitera o voto en contra do seu grupo, incide no informe do Sr. Interventor no senso que en determinadas cuestións se está bordeando a legalidade; dí que o que se plasma na memoria da Alcaldía non deixa de ser unha mera declaración de intencións xa que algunha das medidas non levan dotación económica; en canto as indemnizacións xudiciais, solicita que se aproveita para pagar os veciños da vila que teñen setencias firmes e sen cobrar.

O Sr. Iglesias Sendin, resposta que a partida de indemnización xudiciais baixa ano tras ano e a maioría delas son débedas herdadas; dí que o seu grupo tamén lle gustaría un orzamento máis ambicioso, se ben sinala que co que temos, temos que chegar a máis xente, máis con menos; da conta das diversas actuacións contempladas facendo fincapé no proxecto da Cabrita e da ponte da Quinza, obras que consideran prioritarias. Finaliza agradecendo a todos os grupos a suas aportacións, así como os que apoian ou coa súa abstención colaboran na aprobación destes orzamentos.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Intervén o Sr. Alcalde para manifestar diversas cuestións; en primeiro lugar quere agradecer o traballo do concelleiro Sr. Igleisas Sendin, traballo con adicación absoluta e dunha maneira desinteresada, tamén agradece a todos os grupos o seu talante de diálogo e as súas aportacións que contibuíron a mellorar o documento; de seguido explica algunha das medidas do orzamento e destaca a importancia de ter este documento aprobado que xuntamente co Plan Xeral dará lugar a que se poidan acometer actuacións prioritarias para o Concello; en canto a R.P.T. indica que haberá que abordala no seu conxunto e non solo no aspecto económico; en canto a adicación exclusiva dí que é un asunto debatido e cada grupo xa expuso o seus argumentos e él o único que fixo foi renunciar o ter adicación da Deputación co conseguinte aforro para as arcas do Concello; di que de momento non sabe se vai a coller a adicación, se ben se lle dan a elixir entre adicación o Concello ou a Deputación vai a escoller o Concello.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que o seu grupo sempre dixo que o Alcalde tiña que ter adicación exclusiva, se ben prantexou unha redución do 50% tal como esta facendo o seu grupo; recorda que quen dixo que non ia a ter adicación exclusiva no Concello foi o Alcalde e que alardeou de aforrarlle cartos o Concello, indicando que no seu momento priorizou a portavocía da Deputación sobre a Alcaldía de Ribadavia.

O Sr. Alcalde manfiesta que nunca alardeou, o que dixo é que o non ter adicación, o Concello disporía duns cartos para outras actuacións e de feito así foi; en canto o tema das prioridades, reitera que prioriza a Alcaldía de Ribadavia a portavocía da Deputación Provincial no caso que non se poidan compatibilizar.

De seguido dáse paso a votación, quedando aprobado por maioría simple, cos votos a favor seis (P.S.O.E.e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); votos en contra, cinco (P.P.); abstencións, dúas (B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común) , o seguinte acordo:

“Primeiro.- A aprobación do Orzamento Xeral para ano 2017, cun importe de 4.363.368,27 euros en ingresos e de 4.363.368,27 euros en gastos; aprobación tamén, das Bases de Execución deste Orzamento Xeral segundo aparecen redactadas no expediente e o cadro de persoal deste Concello que figura tamén no expediente, en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, en relación co 90 da Lei 7/1985, do 2 de Abril.

Segundo.- A exposición ao público polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de reclamacións de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.- Que no suposto de non se presentaren reclamacións coidarase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e mesmo do Taboleiro de Anuncios deste Concello, co cadro de persoal e relación de postos de traballo segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de Abril e 169.3 do repetido R.D.L. 2/2004; noutro caso, procederase de acordo co sinalado no nº 1 deste último artigo.-



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Terceiro.- *Que de conformidade co nº 4 do mesmo artigo se remita copia do referido Orzamento Xeral á Administración do Estado e mesmo á Comunidade Autónoma”.*

4.- APROBACION, SE PROCEDE, DA CONCERTACION DUNHA OPERACION DE TESOURERIA POR IMPORTE DE 352.000 EUROS.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 17 de novembro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da seguinte moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:“**JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ, ALCALDE DO CONCELLO**, ten a ben presentar o Pleno do Concello a seguinte proposta relativa a **CONCERTACION DE OPERACION DE TESOURERIA**.

Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de tesourería, e vistos os artigos 51 e 52 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 22.2 m) da L.B.R.L., propónse o Pleno a adopción do seguinte

A C O R D O

Concertar coa Entidade Financiera : Abanca S.A., un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 352.000 euros, coas seguintes características.

a) *Tipo de interés: Variable: Euribor trimestral + 0,71 puntos sen redondeo.*

b) *Comisión de apertura: 0%.*

c) *Comisión de non dispoñibilidade: 0%.*

d) *Prazo de amortización: 1 ano.*

e) *Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do Concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo”.*

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común.- Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, once (P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, dúas (B.N.G. e Agrupación de Electores



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a proposta transcrita.

5.- PLANOS PROVINCIAIS 2017.-

De seguido intervén o Sr. Alcalde para sinalar que se mantivo unha reunión da xunta de voceiros para tratar de consensuar as obras a incluír nos devantivos plans; dí que se quedou en estudar as diversas propostas e nas vindeiras datas manterase unha nova xuntanza para concretala; dí que a data para remitir a Deputación as obras a incluír remata o vindeiro 20 de decembro, polo que propón que unha vez definida a obras o acordo se adopte pola Alcaldía ou Xunta de Goberno Local, para posteriormente ser ratificado polo Pleno do mes de decembro, posibilidade esta que contempla as bases da convocatoria.

O Sr. Vázquez López manifesta a conformidade coa proposta presentada.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que o método dalle igual, o único que pide que e que non sen inclúa como única obra as dos xardinillos, xa que pensa que hai que facer actuacións tamén no rural de feito que chegue o maior número de veciños posibles.

O Sr. Garcia Soto, indica que o importante é a planificación e establecer criterios a hora de definir as obras a incluír en cada un do plans o petición de subvencións.

O Sr. Fernández Gil, sinala que o seu grupo xa fixo as súas suxerencias por escrito, manifestando conformidade ao procedemento proposto.

De seguido, deixase o asunto sobre a mesa co obxecto de tratar de consensuar entre todos os grupos a obra a executar.

6.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NO CONSELLO ESCOLAR C.R.A. AMENCER , C.P.I. TOMAS DE LEMOS E I.E.S. O RIBEIRO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 17 de novembro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sra. Presidenta da conta de diversos escritos dos centros escolares solicitando o nomeamento de representante nos Consellos escolares, polo que en relación co asunto do epígrafe propon ó PLENO acade o acordo de nomeamento de representantes deste Concello nos diversos consellos escolares:

*CONSELLOS ESCOLARES: I.E.S. "O Ribeiro": Dona Maria López Touza.-
C.P.I. "Tomas del Lemos": Dona Maria López Touza.- C.R.A "Amencer": Dona Maria López Touza.-*

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, sete (P.P., B.N.G. e Agrupacion de Electores Ribeiro en Comun).- Por conseguinte por maioría fica aprobada a proposta transcrita.

7.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN PARA A MELLORA DA OFERTA DE SOLO INDUSTRIAL NO NOSO MUNICIPIO A TRAVÉS DA LIBERACION DE SOLO INDUSTRIAL OCUPADO E DA PROMOCION DO POLIGONO INDUSTRIAL DE RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 17 de novembro de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido O Sr. Fidalgo Martínez, fai a presentación dunha moción de urxencia que de seguido transcríbese:

"MOCION PARA A MELLORA DA OFERTA DE SOLO INDUSTRIAL NO NOSO MUNICIPIO A TRAVÉS DA LIBERACION DE SOLO INDUSTRIAL OCUPADO E DA PROMOCION DO POLIGONO INDUSTRIAL DE RIBADAVIA.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Os postos de traballo son o principal elemento para que unha sociedade seña vida.

Valores e recursos

Potencial e recursos do noso parque empresarial. Ribadavia como capital que é da comarca do Ribeiro debe selo tamén no sector industrial.

Non sería entendible que as Administracións superiores á local destinaran recursos públicos a outros concellos da comarca para construír solo industrial público, cando o polígono de Ribadavia atopase, por unha banda con moi pouca capacidade de solo dispoñible para empresas, e por outra banda, cunha fase 3 aínda sen desenvolver.

A realidade é que unha parte demasiado importante do parque atópase comprado por propietarios que nunca chegaron a construír nin investir nel, ou dito doutra maneira, o solo público destinado a industria foi empregado na práctica pola maioría destes propietarios para especular, e non para crear unha empresa que demande postos de traballo para os e as ribadavienses.

As Administracións deben crear sinerxías.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

En resumo na actualidade un dos principais motores económicos deberá ser o industrial, sendo a situación actual do noso polígono un factor que resta toda a forza e potencia para o desenvolvemento económico para Ribadavia, no canto de ser un elemento dinamizador e creador de postos de traballo a través das potenciais empresas que se asentem nel.

Este é o obxecto principal desta Moción-Proposta, aumentar o potencial industrial en Ribadavia e activalo en relación coa xeración de emprego a través do asentamento de empresas no polígono industrial de Ribadavia.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que desde o Concello se fagan as xestións pertinentes para que se libere o solo industrial que se atopa baleiro e sen actividade económica nin empresarial nel.
2. Se lle traslade ao ente autonómico XESTUR dito Acordo de necesidade que temos en Ribadavia de liberar solo industrial no Polígono de San Cristovo. Co obxectivo de recuperar solo para polo en venda á empresas que o demanden para unha actividade económica.
3. Desde o Concello se fagan as xestións pertinentes para que as naves xa construídas, e nas que nalgún momento existiu actividade empresarial volvan a ser ocupadas e postas en funcionamento.
4. Desde o Concello se reforce a potenciación de dito parque industrial e a súa dinamización como foco potencial de asentamento empresarial".

De seguido sométese a votación a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Vázquez López, para sinalar que cando tomou posesión esta Corporación unha das principais cuestións que prantexou foi a posta en valor do parque empresarial solicitando o grupo de goberno que fixese xestións con Xestur, polo está de acordo coa moción presentada.

O Sr. Iglesias Sendin manifesta a súa conformidade co moción presentada e solicita que se engada un punto 5º que diga " Instar a Xunta de Galicia a construción da 3ª fase do parque empresarial de Ribadavia".

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Commpromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservánselle para o pleno os membros do P.P.- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a moción presentada".



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que queda de manifesto coa lectura da moción cál e o obxectivo e a natureza da mesma; dí que os postos de traballo son necesarias para o bo financiamento do Concello e para o asentamento de poboación; dí que non lle consta que se fixeran xestións con Xestur para que liberase o solo co obxectivo de que se poidan implantar empresas, xa que non lle parece normal que existan naves valeiras; finaliza dicindo que non ten inconveniente en engadir o punto proposto polo voceiro do grupo socialista.

O Sr. Vázquez López, reitera o sinalado na comisión informativa, dí que no seu momento solicitou que se xestionase o tema da reversión polo que vai a votar a prol da moción.

O Sr. Garcia Soto, sinala que o parque empresarial é un pilar básico para evitar a perda de poboación, desertización do rural e para fixar emprego, anunciando o seu voto a prol.

O Sr. Fernández Gil, dí que non se trata dunha cuestión nova, se ben considerará que non é competencia do Concello o tema de liberalización do solo, anuncia o seu voto a prol.

O Sr. Iglesias Sendin, fai unha cronoloxía sobre a posta en marcha do parque empresarial, dando conta das negociacións para a ubicación de varias empresas; dí que o Concello leva facendo xestións para que as empresas valeiras ocupense e sinala que nos vindeiros días pode haber unha boa noticia coa nave que ocupaba Monte Kalamua; dí que nas fases actuais solo existe unha parcela sen construír (nº 18) se ben ten difícil edificación, polo que considera importante o incluír un punto 5º para instar a Xunta para que se faga a 3ª fase amén de que revertan as parcelas non construídas para unha nova adjudicación. Finaliza dicindo que o parque empresarial é o motor principal do Concello anunciando o seu voto a prol da moción presentada.

O Sr. Fidalgo Martínez, interven para dicir que non ten inconveniente en incluír a engadega do grupo municipal socialista se ben que esto non empañe os outros acordos da moción.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita coa engadega proposta polo voceiro do grupo do P.SdG-PSOE, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a moción que de seguido transcríbese:

"1.- Que desde o Concello se fagan as xestións pertinentes para que se libere o solo industrial que se atopa baleiro e sen actividade económica nin empresarial nel.

2.- Se lle traslade ao ente autonómico XESTUR dito Acordo de necesidade que temos en Ribadavia de liberar solo industrial no Polígono de San Cristovo. Co obxectivo de recuperar solo para polo en venda á empresas que o demanden para unha actividade económica.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

3.- Desde o Concello se fagan as xestións pertinentes para que as naves xa construídas, e nas que nalgún momento existiu actividade empresarial volvan a ser ocupadas e postas en funcionamento.

4.- Desde o Concello se reforce a potenciación de dito parque industrial e a súa dinamización como foco potencial de asentamento empresarial.

5.- Instar a Xunta de Galicia a construción da 3ª fase do parque empresarial de Ribadavia".

8.- CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE O MES DE DECEMBRO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 17 de novembro de 2016, co seguinte tenor literal:" O Sr. Presidente sinala que debido a ausencia do Sr. Secretario o día 29 de decembro, data na que estaba prevista a celebración do Pleno ordinario do mes de decembro faise necesario cambiar a data do mesmo, acordando todos os grupos por unanimidade a celebración das comisións informativas o luns día 19 de decembro e o pleno o día 22 de decembro, todo elo sen perxuízo dalgún cambio motivado polas circunstancias persoais dos señores concelleiros".

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

9.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non hai mocións de urxencia.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

De seguido o Sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas en tempo e forma por escrito.

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López fórmulase o seguintes rogos:

1º ROGO.- Reiterar o rogo de que se proceda o arranxo das fontes e retirada de paneis informativos.

2º ROGO.- Que se proceda a limpeza do camiño que vai cara a estación de Renfe que se atopa cheo de follas.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez formúlanse os seguintes rogos e preguntas.:

1º ROGO.- Que se repoña a luz na zona da Fonte da Praza.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que volverase a repoñer.

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber cál foi o problema existente co subministro eléctrico na Escola Infantil "Galiña Azul".

Resposta o Sr. Alcalde: Dí que houbo un problema con Gas Natural Fenosa, foi un problema técnico alleo o Concello e a o centro escolar que fixo que saltasen os térmicos e as alarmas, causando diversos desperfectos na instalación.

Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlase o seguintes rogos:

1º ROGO.- Rogaría que se convoque canto antes a comisión de tráfico para analizar a súa problemática.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que habera que analizar no seu conxunto o tema do tráfico e do aparcamento soterrado.

2º ROGO.- Rogaríalle o Sr. Alcalde convoquese canto antes o Padroado da Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro.

Intervén o Sr. Alcalde para manifestar que están a espera que a empresa presente o boceto das actuacións a realizar, incluídas as pozas públicas, para convocar a reunión.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlanse as seguintes preguntas:

1º ROGO.- Na zona da Gandarela en San Paio, a alumeado apágase por fases, sendos as farolas que están apagadas as que se atopan o lado dunha casa polo que pide a modificación das fases.

2º ROGO.- Na Franqueirán substituíronse farolas e deixou unha casa pola parte datras sen luz polo que pide se corrixa dita situación.

3º ROGO.- Que se proceda a limpeza das beirarúas no entorno da Virxe do Portal.

4º ROGO.- Que se recollan as cacas de cans que hai polas beirarúas.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

5º ROGO.- Que se proceda a limpeza da rúa Trasmesonos.

6º ROGO.- Que se retire o musgo existente na rúa Extramuros.

7º ROGO.- Que se solucione o bache existente en Francelos o lado da perruqueria que se atopa tapado cunha plancha de ferro.

8º ROGO.- Que se arranxe a fuga de auga que hai en Francelos o lado da panaderia Felipe.

9º ROGO.- Que se proceda retirada do piñeiro que hai caído na vía pública na zona de Muñoz Calero.

10º ROGO.- Solicita se lle dé resposta as peticións prantexadas polo colectivo dos taxistas.

11º ROGO.- Que se repoñan os focos que faltan na Picuxa.

1ª PREGUNTA.- Interesa saber quen utilizou herbicida na parque Robla.

Resposta o Sr. Alcalde: Non se botou herbicida. Di que se mercou un produto químico específico para o musgo e os encargado de utilizalo son os membros do G.E.S.

2ª PREGUNTA.- Nunha resolución da Alcaldía hai un pago a empresa Inrupre S.L. relativo a honorarios de redacción de proxecto da obras da rúa Ribeiro-Carballiño, polo que interesa a que se refire dito pago.

Resposta o Sr. Alcalde: Son os honorarios da obra da rúa Carballiño-Ribeiro, beirarrúas, abastecemento e saneamentos e outros.

Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º. ROGO.- Que se arranxe unha pedra que se atopa solta na igrexa de San Xoan.

2º ROGO.- Que se repoña unha pedra solta existente na rúa Xuiz Viñas.

3º ROGO.- Na zona do matadeiro vello, repisou a estrada e hai varios baches, solicita que se arranxe.

4º ROGO.- Na zona do Castro de San Paio, as luminarias esta fundidas polo que pide que se substitúan.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Concluído o anterior, ás dez e cinco da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*